Un total de 305 entidades da Eurorrexión participan nos 816 proxectos analizados, que concentran 1024 participacións totais de Galicia e Norte de Portugal en Horizonte 2020, o que supón 3,4 participacións de media por cada entidade que participa no programa.

Táboa 4: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020

Nº entidades	Nº medio de participacións por entidade
305	3,4


Tendo en conta a tipoloxía de entidades establecida por Horizonte 2020, 201 entidades privadas representan o maior número de axentes da Eurorrexión que participa no programa, seguido da categoría “outros”, que agruparía a 34 entidades, das institucións de investigación, 33, as entidades públicas, 27, e, por último, as institucións de ensino superior, 10.

Gráfico 5: Nº entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020, por tipoloxía de entidade



A maior parte das entidades da Eurorrexión que participan en proxectos de H2020, 196 sobre un total de 305, contan cunha única participación no programa, seguidas de 51 entidades que contan con dúas participacións, e 39 entidades que se sitúan no extremo oposto da gráfica, concentrando máis de 5 participacións.

Gráfico 6: Nº de participaci3ns de entidades da Eurorrexión en proxectos aprobados en H2020 – frecuencia absoluta



As entidades privadas concentran igualmente o número máis elevado de participaci3ns en H2020, con 367 participaci3ns totais, seguidas polas instituci3ns de investigaci3n, con 269, e as instituci3ns de ensino superior que sendo tan só 10 entidades concentran 266 participaci3ns totais.

Táboa 5: Nº de participaci3ns de entidades da Eurorrexión en proxectos aprobados en H2020, por tipoloxía de entidade

Tipo de Entidade	Nº Participaci3ns totais	Nº medio de participaci3ns por entidade
Instituci3ns de Ensino Superior	266	26,6
Instituci3ns de Investigaci3n	269	8,2
Entidades P3blicas	58	2,1
Entidades Privadas	367	1,8
Outros	64	1,9

O financiamento medio por participaci3n obtido polas entidades da Eurorrexión en H2020 sitúase nos 332.201,23 €, contando as 1.024 participaci3ns totais no programa.

Táboa 6: Financiamento medio por participaci3n de entidades da Eurorrexión en proxectos aprobados en H2020

Financiamento Medio por Participaci3n
332.201,23 €

As entidades da Eurorrexión que lideran a participaci3n en Horizonte 2020 son tres universidades, comezando pola Universidade do Porto, con 68 participaci3ns, a Universidade de Santiago de Compostela, con 66, e a Universidade do Minho, con 60. INESC TEC, con 57

participacións totais, a Sociedade Portuguesa de Inovação, con 34, e AIMEN, que obtén 33 participacións, completan a lista dos primeiros clasificados deste ranking.

Táboa 7: Ranking das entidades da Eurorrexión con maior participación en proxectos aprobados en H2020

Ranking	Entidade	Tipo de Entidade	Nº Participacións
1	UNIVERSIDADE DO PORTO	Institucións de ensino superior	68
2	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Institucións de ensino superior	66
3	UNIVERSIDADE DO MINHO	Institucións de ensino superior	60
4	INESC TEC - INSTITUTO DE ENGENHARIA DE SISTEMAS E COMPUTADORES, TECNOLOGIA E CIENCIA	Institucións de investigación	57
5	SOCIEDADE PORTUGUESA DE INOVACAO CONSULTADORA EMPRESARIAL E FOMENTO DA INOVACAO SA	Entidades Privadas	34
6	ASOCIACION DE INVESTIGACION METALURGICA DEL NOROESTE	Institucións de investigación	33
7	UNIVERSIDADE DE VIGO	Institucións de ensino superior	26
8	LABORATORIO IBERICO INTERNACIONAL DE NANOTECNOLOGIA	Institucións de investigación	22
=	Laboratório Nacional de Energia e Geologia I.P.	Institucións de investigación	22
9	FUNDACION PARA LA PROMOCION DE LA INNOVACION, INVESTIGACION Y DESARROLLO TECNOLÓGICO EN LA INDUSTRIA DE AUTOMOCION DE GALICIA	Institucións de investigación	17
=	INSTITUTO SUPERIOR DE ENGENHARIA DO PORTO	Institucións de ensino superior	17
10	GLOBAZ, S.A.	Entidades Privadas	16
=	INEGI - INSTITUTO DE CIENCIA E INOVACAO EM ENGENHARIA MECANICA E ENGENHARIA INDUSTRIAL	Institucións de investigación	16
=	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Institucións de ensino superior	16
11	INSTITUTO DE BIOLOGIA MOLECULAR E CELULAR-IBMC	Institucións de investigación	15

12	SERVIZO GALEGO DE SAUDE	Entidades públicas	12
11	ANI - AGÊNCIA NACIONAL DE INOVACAO, SA	Entidades Privadas	12
=	CIIMAR - Centro Interdisciplinar de Investigação Marinha e Ambiental	Instituições de investigación	12
=	ICETA INSTITUTO DE CIENCIAS, TECNOLOGIAS E AGROAMBIENTE DA UNIVERSIDADE DO PORTO	Instituições de investigación	12
=	INOVA+ - INNOVATION SERVICES, SA	Entidades Privadas	1

3.1.4. Colaboración internacional (análise da dinámica de participación de entidades doutras rexións en proxectos nos que participan entidades da Eurorrexión)

Os 816 proxectos de H2020 con participación de entidades da Eurorrexión que se analizan neste informe contan cun total de 12.776 participantes, representando unha media de 15,6 participacións por cada proxecto.

Táboa 8: Nº de participantes nos proxectos aprobados en H2020 nos que participan entidades da Eurorrexión

Nº total de participantes nos proxectos nos que participan entidades da Eurorrexión	12.776
Nº medio de participantes nos proxectos nos que participan entidades da Eurorrexión	15,6

Os países máis representados na coordinación dos proxectos de H2020 nos que participan entidades da Eurorrexión son España, con 190 proxectos e 255 participacións eurorrexionais, e Portugal, con 170 proxectos coordinados e 237 participacións de entidades da Eurorrexión. Alemaña, Francia e Italia completan o Top 5 na coordinación de proxectos en H2020 participados por Galicia e Norte de Portugal.

Táboa 9: Proxectos aprobados en H2020 nos que participan entidades da Eurorrexión, por país coordinador

País Coordinador	Nº Proxectos	Nº Participacións Eurorrexión
España	190	255
Portugal	170	237
Alemaña	68	76
Italia	60	72
Francia	47	57
Reino Unido	44	56

Países Baixos	37	50
Bélxica	29	37
Grecia	27	29
Irlanda	20	25
Noruega	20	26
Austria	17	19
Suecia	16	18
Finlandia	13	17
Dinamarca	12	13
Suiza	9	11
Outros	34	40

3.2. GALICIA

3.2.1 Proxectos (análise aos proxectos aprobados que integran entidades localizadas en Galicia)


A 31 de decembro de 2019, as entidades localizadas en Galicia participaban en 305 proxectos de Horizonte 2020, dos que lideraban 75 de entre eles.

Táboa 10: Nº de proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades de Galicia

Nº de proxectos con participación de entidades Galicia	Nº de proxectos liderados por entidades de Galicia
305	75


En relación co tipo de acción de H2020 co que se corresponden os proxectos participados por entidades galegas, 113 proxectos corresponden con actividades de investigación e innovación, 73 con actividades de innovación e 49 coas acción Marie Curie.

Gráfico 7: Nº de proxectos aprobados no H2020, por Tipo de Acción – Galicia



En canto á clasificación por tema dos proxectos nos que participan entidades galegas, como se acaba de ver, 49 proxectos aparecen clasificados como accións Marie Curie, seguidos de 33 proxectos relacionados co tema “Seguridade alimentaria...” e 28 que teñen que ver coa temática TIC.

Gráfico 8: Nº de proxectos aprobados no H2020, por Tema – Galicia



Os proxectos de Horizonte 2020 con participación de entidades radicadas en Galicia contan cun investimento total de 2.025.583.946,66 € e un financiamento total procedente da UE de 1.639.751.259,56 €.

Táboa 11: Investimento total e financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades de Galicia

Investimento Total (€)	Financiamento Total (€)
2.025.583.946,66 €	1.639.751.259,56 €

3.2.2. Financiamento (análise ao financiamento atribuído ás entidades localizadas en Galicia)


O financiamento que obteñen as entidades de Galicia nos proxectos de H2020 comprendidos no informe sitúase en 114.568.032,56 €, que considerando os 305 proxectos nos que participan corresponden cun financiamento medio de 375.632,89 € por cada proxecto e un 7% do financiamento total que obteñen os respectivos proxectos.

Táboa 12: Financiamento atribuído ás entidades de Galicia nos proxectos aprobados en H2020

Financiamento atribuído ás entidades de Galicia (€)	Financiamento medio atribuído ás entidades de Galicia, por proxecto (€)	% de financiamento atribuído ás entidades de Galicia no total de financiamento atribuído aos respectivos proxectos
114.568.032,56 €	375.632,89 €	7%


A clasificación dos proxectos de H2020 nos que participan entidades galegas por tipo de acción permite visualizar que a maior proporción de financiamento que alcanzan estas entidades provén de proxectos de investigación e innovación, con 43,1 millóns de euros, seguidos dos proxectos relacionados con actividades de innovación, que concentran 32,5 millóns de euros, e os proxectos vinculados co ERC, cuxo financiamento sitúase nos 14,6 millóns de euros.

Gráfico 9: Financiamento atribuído ás entidades de Galicia nos proxectos aprobados en H2020, por Tipo de Acción



A distribución por temática do financiamento que obteñen as entidades galegas nos proxectos de H2020 nos que participan permite observar que os proxectos do ERC, con 14,6 millóns de euros, os correspondentes ás accións Marie Curie, con 12,2 millóns de euros, e os proxectos relacionados coas TIC, con 11,8 millóns de euros, son aqueles que logran mobilizar de forma conxunta máis financiamento.

Gráfico 10: Financiamento atribuído ás entidades de Galicia nos proxectos aprobados en H2020, por Tema



3.2.3. Participación institucional (análise da dinámica de participación de entidades localizadas en Galicia)


Un total de 128 entidades galegas participan nos proxectos de Horizonte 2020 analizados no presente informe, que considerando as 369 participacións que acumulan no programa supoñen un número medio de 2,9 participacións por entidade.

Táboa 13: Nº de entidades de Galicia participantes en proxectos aprobados en H2020

Nº entidades	Nº medio de participacións por entidade
128	2,9


Tendo en conta a tipoloxía de entidades que establece H2020, a distribución dos participantes galegos no programa correspóndese con 81 entidades privadas, 16 institucións de investigación e 15 entidades públicas, seguidas de 13 entidades que se clasifican como “outros” e 3 institucións de ensino superior.

Gráfico 11: Nº de entidades de Galicia participantes en proxectos aprobados en H2020, por tipoloxía de entidade



A maior parte das entidades de Galicia que participan en H2020, 85 en total, contan cunha única participación no programa, seguidas de 23 entidades con dúas participacións. Por outra parte, 13 entidades galegas concentran 5 ou máis participacións no programa.

Gráfico 12: Nº de participacións de entidades de Galicia en proxectos aprobados en H2020 – frecuencia absoluta



Tendo en conta o tipo de entidade, as institucións de ensino superior concentran o maior volume medio de participacións, cun total de 108 participacións e 36 participacións de media. As institucións de investigación contan con 83 participacións e unha media de 5,2 participacións por

entidade. No extremo oposto, as entidades privadas concentran 114 participacións e unha media de 1,4 participacións por entidade.

Táboa 14: Nº de participacións de entidades de Galicia en proxectos aprobados en H2020, por tipoloxía de entidade

Tipo de Entidade	Nº Participacións Total	Nº medio de participacións por entidade
Institucións de Ensino Superior	108	36
Institucións de Investigación	83	5,2
Entidades Públicas	37	2,5
Entidades Privadas	114	1,4
Outros	27	2,1

O financiamento medio obtido por participación por parte das entidades galegas representadas nos proxectos aprobados de H2020 sitúase en 310.482,47 €, considerando as 369 participacións que acumulan as 128 entidades que participan nos 305 proxectos que se analizan no informe, así como o financiamento total que mobilizan procedente da UE.

Táboa 15: Financiamento medio por participación de entidades de Galicia en proxectos aprobados en H2020

Financiamento Medio por Participación
310.482,47 €

O ranking das entidades galegas con maior participación en H2020 sitúa ás tres universidades entre os cinco primeiros clasificados, destacando a Universidade de Santiago de Compostela con 66 participacións totais. AIMEN, con 33 participacións, é a segunda entidade galega que máis participa no programa, seguido pola Universidade de Vigo con 26 participacións, o CTAG, con 17, a Universidade da Coruña con 16 participacións, e o Servizo Galego de Saúde, con 12.

Táboa 16: Ranking das entidades de Galicia con maior participación en proxectos aprobados en H2020

Ranking	Entidade	Tipo de Entidade	Nº Participacións
1	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Institucións de ensino superior	66
2	ASOCIACION DE INVESTIGACION METALURGICA DEL NOROESTE	Institucións de investigación	33
3	UNIVERSIDADE DE VIGO	Institucións de ensino superior	26
4	FUNDACION PARA LA PROMOCION DE LA INNOVACION, INVESTIGACION Y DESARROLLO TECNOLÓGICO EN LA	Institucións de investigación	17

	INDUSTRIA DE AUTOMOCION DE GALICIA		
5	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Institucións de ensino superior	16
6	SERVIZO GALEGO DE SAUDE	Entidades públicas	12
7	AXENCIA GALEGA DE INNOVACION	Entidades públicas	8
8	CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR - FUNDACION CETMAR	Institucións de investigación	7
=	FUNDACION CENTRO TECNOLÓXICO DE TELECOMUNICACIONES DE GALICIA	Institucións de investigación	7
=	FUNDACION EMPRESA UNIVERSIDAD GALLEGA	Outros	7
9	LINKNOVATE SCIENCE SL	Entidades privadas	6
=	NANOIMMUNOTECH SL	Entidades privadas	6
10	NANOGAP SUB-NM-POWDER SA	Entidades privadas	5
11	ASOCIACION NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PESCADOS Y MARISCOS-CENTRO TECNICO NACIONAL DE CONSERVACION DE PRODUCTOS DE LA PESCA	Institucións de investigación	4
12	AYUNTAMIENTO DE VIGO	Entidades públicas	3
=	FORESA INDUSTRIAS QUIMICAS DEL NOROESTE SA	Entidades privadas	3
=	FUNDACION PUBLICA GALLEGA CENTRO TECNOLÓGICO DE SUPERCOMPUTACION DE GALICIA	Outros	3
=	HGBEYOND MATERIALS SICENCE SL	Entidades privadas	3
=	PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA SA	Entidades privadas	3
=	UNION DE COOPERATIVAS ASOCIACION GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS	Outros	3

3.2.4. Colaboración internacional (análise da dinámica de participación de entidades doutras rexións en proxectos nos que participan entidades de Galicia)

Os 305 proxectos de H2020 nos que participan entidades galegas contan cun total de 4.546 participantes, que supoñen unha participación media de 14,9 entidades por proxecto.

Táboa 17: Nº de participantes nos proxectos aprobados en H2020 nos que participan entidades de Galicia

Nº total de participantes nos proxectos nos que participan entidades de Galicia	4.546
---	-------

Nº medio de participantes nos proxectos nos que participan entidades de Galicia 14,9

Considerando os países coordinadores dos proxectos de H2020 nos que participan entidades galegas, España é o país que coordina o maior número de proxectos, cun total de 131 proxectos e 171 participacións de entidades galegas. Francia, Italia e Alemaña coordinan cada un máis de 20 proxectos que contan cun total de 79 participacións de entidades galegas, mentres que os Países Baixos, Portugal, Reino Unido e Bélxica coordinan, cada un deles, 14 proxectos que acumulan un total de 72 participacións de entidades de Galicia.

Táboa 18: Proxectos aprobados no H2020 nos que participan entidades de Galicia, por país coordinador

País Coordinador	Nº Proxectos	Nº Participacións Galicia
España	131	171
Francia	24	27
Italia	22	28
Alemaña	21	24
Países Baixos	14	22
Portugal	14	17
Reino Unido	14	17
Bélxica	14	16
Irlanda	10	13
Noruega	10	13
Polonia	5	5
Grecia	4	4
Suecia	4	6
Austria	3	3
Islandia	3	5
Outros	9	9

3.3. REXIÓN NORTE

3.3.1. Proxectos


A 31 de decembro de 2019, a información disponible na base de datos CORDIS revelaba que as entidades da Rexión Norte participaron en 541 proxectos aprobados en Horizonte 2020, liderando 139 destes proxectos.

Táboa 19: Nº de proxectos aprobados no H2020 con participación de entidades da rexión Norte de Portugal

Nº de proxectos con participación de entidades rexión Norte	Nº de proxectos liderados por entidades da rexión Norte
541	139


Entre estes, inclúense 169 proxectos de actividades de investigación e innovación – orientado para o desenvolvemento de novo coñecemento ou tecnoloxía, que representan 31,2% do total de proxectos con participación de entidades da Rexión Norte. Séguense 122 proxectos de actividades de innovación (22,6%) – orientados para actividades máis próximas do mercado, e 117 accións de coordinación e apoio (21,6%).

Gráfico 13: Nº de proxectos aprobados no H2020, por Tipo de Acción – Rexión Norte de Portugal



Atendendo ao número de proxectos aprobados por tema do Horizonte 2020, destácanse os 180 proxectos apoiados no ámbito do pilar “Liderado Industrial” (categorías a cinzento no gráfico infra), con particular relevancia dos proxectos na área das Tecnoloxías da Información e Comunicación. Séguense 169 proxectos apoiados no ámbito do pilar “Desafíos Sociais” (categorías a verde no gráfico infra), con particular destaque para a área da Enerxía; e 127 proxectos apoiados no ámbito do pilar “Excelencia Científica” (categorías a laranxa no gráfico infra), a maioría dos cales Accións Marie Skłodowska-Curie, destinados ao financiamento de bolsas de investigación internacionais no sector público e privado, formación en investigación, intercambio de persoal.

Gráfico 14: Nº de proxectos aprobados no H2020, por Tema – Rexión Norte de Portugal



Rexístranse aínda 23 proxectos de “Diseminación da excelencia e ampliación da participación” (Widening), co obxectivo de promover a capacitación das rexións para unha participación máis competitiva nos programas cadro; ben como 12 proxectos “Science with and for society” (SWAFS), proxectos estes que procuran establecer unha cooperación eficaz entre a ciencia e a sociedade, involucrando aos cidadáns nos procesos que definen a natureza da investigación que afecta o cotián; 29 proxectos apoiados no ámbito das Joint Technology Initiatives (JTI), parcerias público-privadas creadas pola Comisión Europea; e 1 proxecto da Comunidade Europea da Enerxía Atómica (EURATOM).

Os proxectos analizados engloban un investimento total de 3,6 mil millóns de euros e un fondo atribuído de case 3 mil millóns de euros, distribuídos polos seus respectivos participantes.

Táboa 20: Investimento Total e financiamento atribuído aos proxectos aprobados no H2020 com participación de entidades da Rexión Norte de Portugal

Investimento Total (€)	Financiamento Total (€)
3.638.896.862,88	2.988.463.557,77

3.3.2. Financiamento institucional


En relación co financiamento atribuído ás entidades da rexión Norte no Horizonte 2020, este ascendeu a 225,6 millóns de euros, correspondendo a unha media de 417 mil euros por proxecto. As entidades da rexión Norte captaron, en media, 7,5% do fondo total atribuído nos proxectos onde participan.

Táboa 21: Financiamento atribuído ás entidades da Rexión Norte nos proxectos aprobados en H2020

Financiamento atribuído ás entidades da Rexión Norte (€)	Financiamento medio atribuído ás entidades da Rexión Norte, por proxecto (€)	% de financiamento atribuído ás entidades da Rexión Norte no total do financiamento atribuído aos respectivos proxectos
225.606.025,62	417.016,68	7,5%


As actividades de investigación e innovación foron o tipo de acción que captou máis financiamento para a Rexión Norte, totalizar 67,2 millóns de euros (29,8%), seguíndose as accións de innovación (24,3%) e as accións de coordinación e apoio (21,8%). As accións financiadas no ámbito do ERC – European Research Council son as que presentan maior fondo medio atribuído á Rexión Norte (media de 1,7 millóns de euros por proxecto).

Gráfico 15: Financiamento atribuído ás entidades da Rexión Norte de Portugal nos proxectos aprobados no H2020, por Tipo de Acción



Analizando a distribución do financiamento atribuído ás entidades da Rexión Norte por tema do Horizonte 2020 verifícase que a maioría do financiamento foi enmarcado no pilar “Liderado Industrial”, que no seu conxunto totalizar 73,2 millóns de euros, con particular destaque para os proxectos das Tecnoloxías de Información e Comunicación (28,5 millóns de euros). O pilar dos “Desafíos Sociais” totalizar un financiamento de 58,4 millóns de euros, destacándose os proxectos de Enerxía (18,5 millóns de euros) e Acción Climática (11,9 millóns de euros). Xa no pilar “Excelencia Científica”, a maioría do financiamento foi atribuído so a forma de bolsas Marie Curie (22,4 millóns de euros), seguíndose os proxectos do European Research Council (16,8 millóns de euros). Por fin, é aínda de salientar o financiamento de 33,5 millóns de euros atribuído á rexión Norte no ámbito de accións de “Diseminación da excelencia e ampliación da participación” (Widening), correspondendo a cerca de 15% do total do financiamento atribuído á rexión Norte no ámbito do Horizonte 2020. Estas accións buscan promover a capacitación das rexións para unha participación máis competitiva nos programas marco.

Gráfico 16: Financiamento atribuído ás entidades da Rexión Norte de Portugal nos proxectos aprobados en H2020, por Tema



3.3.3. Participación institucional


No total dos 541 proxectos analizados, participaron 177 entidades da rexión Norte, correspondendo a unha media superior a 3 participacións por entidade.

Táboa 22: Nº de entidades da Rexión Norte de Portugal participantes en proxectos aprobados en H2020

Nº entidades	Nº medio de participacións por entidade
177	3,7

Estas entidades inclúen 7 Institucións de Ensino Superior, 17 institucións de investigación (incluíndo centros de investigación, centros de interface e centros tecnolóxicos), 12 entidades públicas e 120 entidades privadas, a maioría das cales son empresas. Inclúense aínda 21 entidades clasificadas na categoría “Outros” que consisten sobre todo en institucións privadas sen fins lucrativos.


Gráfico 17: Nº de entidades da Rexión Norte de Portugal participantes en proxectos aprobados en H2020, por tipoloxía de entidade



No total, contabilizáronse 655 participacións de entidades da rexión Norte nos proxectos do Horizonte 2020 (considerando a participación de múltiples entidades nun mesmo proxecto). A

maioría das entidades participou só nun proxecto (62,7%), rexistrándose 26 entidades que participaron en cinco ou máis proxectos.

Gráfico 18: Nº de participacións de entidades da Rexión Norte de Portugal en proxectos aprobados en H2020 – frecuencia absoluta



**Nº participacións total:
655**

O maior número de participacións da Rexión Norte en proxectos do Horizonte 2020 son de Entidades Privadas, representando 38,6% do total de participacións, seguíndose as Institucións de Investigación (28,4%) e as Institucións do Ensino Superior (24,1%). No entanto, obsérvase que as Institucións de Ensino Superior son aquelas que, en media, participan en máis proxectos (máis de 22 proxectos por entidade), seguíndose as Institucións de Investigación (media superior a 10 proxectos por entidade).

Táboa 23: Nº de participacións de entidades da Rexión Norte de Portugal en proxectos aprobados en H2020, por tipoloxía de entidade

Tipo de Entidade	Nº Participacións Total	Nº medio de participacións por entidade
Institucións de Ensino Superior	158	22,6
Institucións de Investigación	186	10,9
Entidades Públicas	21	1,8
Entidades Privadas	253	2,1
Outros	37	1,8

De media, cada entidade da rexión Norte captou cerca de 344 mil euros de financiamento por proxecto en que participou.

Táboa 24: Financiamento medio por participación de entidades da Rexión Norte de Portugal en proxectos aprobados en H2020

Financiamento Medio por Participación
344.436,68

Entre as entidades da rexión Norte con maior número de participacións nos proxectos do Horizonte 2020 destácanse a Universidade do Porto, con 68 participacións, que desta forma participou en 12,6% do total de proxectos aprobados na rexión Norte. Séguese a Universidade do Miño, con 60 participacións (11% do total de proxectos aprobados na rexión Norte), e o INESC TEC – Instituto de Enxeñaría de Sistemas e Computadores, Tecnoloxía e Ciencia, con 57 participacións (10,5% do total de proxectos aprobados na rexión Norte).

Táboa 25: Ranking das entidades da Rexión Norte con maior participación en proxectos aprobados en H2020

Ranking	Entidade	Tipo de Entidade	Nº Participacións
1	UNIVERSIDADE DO PORTO	Institucións de ensino superior	68
2	UNIVERSIDADE DO MINHO	Institucións de ensino superior	60
3	INESC TEC - INSTITUTO DE ENGENHARIA DE SISTEMAS E COMPUTADORES, TECNOLOGIA E CIENCIA	Institucións de investigación	57
4	SOCIEDADE PORTUGUESA DE INOVACAO CONSULTADORA EMPRESARIAL E FOMENTO DA INOVACAO SA	Entidades Privadas	34
5	LABORATORIO IBERICO INTERNACIONAL DE NANOTECNOLOGIA	Institucións de investigación	22
=	Laboratório Nacional de Energia e Geologia I.P.	Institucións de investigación	22
7	INSTITUTO SUPERIOR DE ENGENHARIA DO PORTO	Institucións de ensino superior	17
8	GLOBAZ, S.A.	Entidades Privadas	16
=	INEGI - INSTITUTO DE CIENCIA E INOVACAO EM ENGENHARIA MECANICA E ENGENHARIA INDUSTRIAL	Institucións de investigación	16
10	INSTITUTO DE BIOLOGIA MOLECULAR E CELULAR-IBMC	Institucións de investigación	15
11	ANI - AGÊNCIA NACIONAL DE INOVACAO, SA	Entidades Privadas	12
=	CIIMAR - Centro Interdisciplinar de Investigação Marinha e Ambiental	Institucións de investigación	12
=	ICETA INSTITUTO DE CIENCIAS, TECNOLOGIAS E AGROAMBIENTE	Institucións de	12

	DA UNIVERSIDADE DO PORTO	investigación	
=	INOVA+ - INNOVATION SERVICES, SA	Entidades Privadas	12
15	CENTITVC - CENTRO DE NANOTECNOLOGIA E MATERIAIS TECNICOS FUNCIONAIS E INTELIGENTES ASSOCIACAO	Institucións de investigación	10
=	SONAE MC - SERVICOS PARTILHADOS, SA	Entidades Privadas	10

3.3.4. Colaboración internacional

Os proxectos aprobados no Horizonte 2020 inclúen, na maioría das súas tipoloxías, un número elevado de participantes de toda a Unión Europea e países asociados de Horizonte 2020.

Os proxectos que envolven entidades da Rexión Norte engloban un total de 8.230 participantes, correspondendo a unha media superior a 15 participantes por proxecto.

Táboa 26: Nº de participantes nos proxectos aprobados en H2020 nos que participan entidades da Rexión Norte

Nº total de participantes nos proxectos nos que participan entidades da Rex. Norte	8.230
Nº medio de participantes nos proxectos nos que participan entidades da Rex. Norte	15,2

As entidades da rexión Norte participaron en proxectos liderados por máis de 15 países distintos. No entanto, o maior número de participacións das entidades da rexión rexístrase en proxectos liderados por entidades nacionais ? 164 proxectos, dos cales 139 liderados por entidades da propia Rexión Norte.

Destácase aínda a participación en proxectos liderados por entidades españolas (69 proxectos), alemás (48 proxectos) e italianas (39 proxectos).

Táboa 27: Proxectos aprobados no H2020 nos que participan entidades da Rexión Norte, por país coordinador

País Coordinador	Nº Proxectos	Nº Participacións Norte
Portugal	164	222
España	69	84
Alemaña	48	52
Italia	39	44
Reino Unido	31	39
Francia	25	30
Países Baixos	25	28
Grecia	23	25
Bélxica	17	18
Austria	14	15

Irlanda	12	12
Suecia	12	12
Finlandia	11	14
Noruega	11	13
Dinamarca	10	11
Outros	30	36

3.4. PARTICIPACIÓN CONXUNTA (GALICIA E NORTE DE PORTUGAL)

3.4.1. Proxectos (análise dos proxectos aprobados que integran de forma conxunta entidades localizadas na Eurorrexión)


Os proxectos aprobados de H2020 con participación de entidades de ambos lados da Eurorrexión supoñen un total de 30, dos que 12 deles están liderados ademais por entidades de Galicia e de Norte.

Táboa 28: Nº de proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta de entidades localizadas na Eurorrexión

Nº de proxectos con participación conxunta de entidades da Eurorrexión	Nº de proxectos liderados por entidades da Eurorrexión
30	12

A maior parte dos proxectos de H2020 nos que están representadas entidades de Galicia e de Norte corresponden con actividades de innovación, 12 deles, e accións de investigación e innovación, cun total de 11. As accións Marie Curie, un total de 4, e os proxectos relacionados coas accións de coordinación e apoio, 3, completan a análise da participación conxunta das entidades da Eurorrexión no programa, considerando a clasificación dos proxectos por tipo de acción.


Gráfico 19: Nº de proxectos aprobados no H2020, por Tipo de Acción – participación conxunta Eurorrexión



Tendo en conta a distribución temática dos proxectos de H2020 que contan con participación conxunta de entidades da Eurorrexión, 6 proxectos corresponden co tema “Seguridade Alimentaria...”, mentres que as temáticas vinculadas coas TIC, a fabricación avanzada e as

accións Marie Curie contan cunha representación de 4 proxectos cada unha, e 3 proxectos pertencen aparecen clasificados dentro do programa coa temática materiais avanzados.

Gráfico 20: Nº de proxectos aprobados no H2020, por Tema – participación conxunta Eurorrexión



O investimento total que mobilizan os proxectos de H2020 nos que participan entidades de ambos lados da Eurorrexión é de 193.821.033,43 €, mentres que o financiamento total procedente da UE que alcanzan estes proxectos corresponde a 173.507.020,93 €.

Táboa 29: Investimento total e financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta de entidades da Eurorrexión

Investimento Total (€)	Financiamento Total (€)
193.821.033,43 €	173.507.020,93 €

3.4.2. Financiamento institucional (análise do financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión que participan de forma conxunta en proxectos aprobados)

O financiamento total atribuído ás entidades da Eurorrexión nos proxectos de H2020 nos que participan conxuntamente supón 24.007.224,80 €, que corresponden cun financiamento medio de 800.240,83 € por proxecto para as entidades da Eurorrexión, ou o 13,8% do financiamento destes proxectos.


Táboa 30: Financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión nos proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta

Financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión (€)	Financiamento medio atribuído ás entidades da Eurorrexión, por proxecto (€)	% de financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión no total de financiamento atribuído aos respectivos proxectos

24.007.224,80 €	800.240,83 €	13,8%
-----------------	--------------	-------


O financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión nos proxectos de H2020 que contan con participación conxunta, distribuído por tipo de acción do programa, concéntrase practicamente na súa totalidade nos proxectos relacionados coas actividades de innovación e investigación, con 13,2 millóns de euros, xunto cos proxectos relacionados coas accións de innovación, con 8,9 millóns de euros. En menor medida, os proxectos vinculados coas accións de coordinación e apoio e coas accións Marie Curie mobilizan arredor de 2 millóns de euros.

Gráfico 21: Financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión nos proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta, por Tipo de Acción



O financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión en H2020, nos proxectos nos que participan de maneira conxunta, observa unha distribución por temática que concentra 4,1 millóns de euros destinados a proxectos relacionados coa fabricación avanzada, 4 millóns de euros destínanse proxectos vinculados ao tema “Materiais avanzados”, 3,1 millóns de euros aparecen destinados ao tema de “Seguridade alimentaria...” e 2,7 millóns vículanse a proxectos relacionados coas TIC.

Gráfico 22: Financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión nos proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta, por Tema



3.4.3. Participación institucional (análise da dinámica de participación de entidades da Eurorrexión que participan de forma conxunta en proxectos aprobados)


Un total de 60 entidades de ambos lados da Eurorrexión participan nos proxectos de H2020 que contan con participación conxunta de Galicia e de Norte, que considerando o total de 86 participacións que acumulan supoñen unha media de 1,4 participacións por entidade nestes proxectos.

Táboa 31: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta

Nº entidades	Nº medio de participacións por entidade
60	1,4


Un total de 28 entidades privadas da Eurorrexión están representadas nos proxectos de H2020 que contan con participación conxunta. As institucións de investigación, un total de 15, e as institucións de ensino superior, 7 en total, son o seguinte tipo de entidades máis representadas neste tipo de proxectos, ás que siguen as entidades clasificadas como “Outros”, tamén 7, e as entidades públicas, 3.

Gráfico 23: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta, por tipoloxía de entidade



As entidades da Eurorrexión contan maioritariamente cunha soa participación nos 30 proxectos de H2020 con participación conxunta: 45 entidades teñen unha soa participación nestes proxectos, seguidas de 8 entidades con 2 participacións, e 7 entidades que asumen entre 3 e 5 participacións.

Gráfico 24: Nº de participacións de entidades da Eurorrexión en proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta – frecuencia absoluta



As institucións de investigación, con 31 participacións totais, seguidas das entidades privadas, con 29, constitúen o tipo de entidades da Eurorrexión con maior número de participacións en H2020, dentro dos proxectos aprobados que contan con participación conxunta. O número medio de participacións por entidade é maior no caso das institucións de ensino superior e das institucións de investigación da Eurorrexión, con 2,1 participacións de media.

Táboa 32: Nº de participacións de entidades da Eurorrexión en proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta, por tipoloxía de entidade

Tipo de Entidade	Nº Participacións totais	Nº medio de participacións por entidade
Institucións de Ensino Superior	15	2,1
Institucións de Investigación	31	2,1
Entidades Públicas	4	1,3
Entidades Privadas	29	1
Outros	7	1

O financiamento medio por participación que obteñen as entidades da Eurorrexión nos proxectos de H2020 que contan con participación conxunta é de 279.153,77 €, considerando as 86 participacións.

Táboa 33: Financiamento medio por participación de entidades da Eurorrexión en proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta

Financiamento Medio por Participación
279.153,77 €

O ranking das entidades da Eurorrexión con maior participación en proxectos de H2020 que contan con participación conxunta de entidades da Eurorrexión está liderado por AIMEN, con 6 participacións, seguida da Universidade de Santiago de Compostela, con 4 participacións. O CIIMAR, xunto co CTAG, o Laboratorio Ibérico de Nanotecnoloxía, a Universidade de Vigo e a Universidade de Minho teñen 3 participacións cada un dentro desta clasificación.

Táboa 34: Ranking das entidades da Eurorrexión con maior participación en proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta

Ranking	Entidade	Tipo de Entidade	Nº Participacións
1	ASOCIACION DE INVESTIGACION METALURGICA DEL NOROESTE	Institucións de ensino superior	6
2	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Institucións de ensino superior	4
3	CIIMAR - Centro Interdisciplinar de Investigación Marinha e Ambiental	Institucións de ensino superior	3
=	FUNDACION PARA LA PROMOCION DE LA INNOVACION, INVESTIGACION Y DESARROLLO TECNOLÓGICO EN LA INDUSTRIA DE AUTOMOCION DE GALICIA	Institucións de investigación	3
=	LABORATORIO IBERICO INTERNACIONAL	Entidades Privadas	3

	DE NANOTECNOLOGIA		
=	UNIVERSIDADE DE VIGO	Institucións de investigación	3
=	UNIVERSIDADE DO MINHO	Institucións de ensino superior	3
4	ASOCIACION NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PESCADOS Y MARISCOS-CENTRO TECNICO NACIONAL DE CONSERVACION DE PRODUCTOS DE LA PESCA	Institucións de investigación	2
=	AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA	Institucións de investigación	2
=	FUNDACION CENTRO TECNOLXICO DE TELECOMUNICACIONES DE GALICIA	Institucións de investigación	2
=	INEGI - INSTITUTO DE CIENCIA E INOVACAO EM ENGENHARIA MECANICA E ENGENHARIA INDUSTRIAL	Institucións de ensino superior	2
=	INESC TEC - INSTITUTO DE ENGENHARIA DE SISTEMAS E COMPUTADORES, TECNOLOGIA E CIENCIA	Entidades Privadas	2
=	SERVIZO GALEGO DE SAUDE	Institucións de investigación	2
=	SONAE MC - SERVICOS PARTILHADOS, SA	Institucións de ensino superior	2
=	UNIVERSIDADE DO PORTO	Institucións de investigación	2

3.4.4. Colaboración internacional (análise da dinámica de participación de entidades de outras rexións en proxectos nos que participan de forma conxunta entidades da Eurorrexión)

Os proxectos de H2020 con participación conxunta de entidades da Eurorrexión teñen un total de 632 participantes, que considerando os 30 proxectos dos que se trata implica unha media de 21,1 participantes por cada un destes proxectos.

Táboa 35: Nº de participantes nos proxectos aprobados en H2020 nos que participan entidades da Eurorrexión con participación conxunta

Nº total de participantes nos proxectos nos que participan entidades da Eurorrexión	632
Nº medio de participantes nos proxectos nos que participan entidades da Eurorrexión	21,1

España e Portugal son os países coordinadores do maior número de proxectos de H2020 con participación conxunta de entidades da Eurorrexión, con 18 proxectos e 52 participacións totais destas entidades. Bélxica, Francia, Irlanda e Países Baixos coordinan 2 proxectos cada un e acumulan un total de 24 participacións de entidades da Eurorrexión.

Táboa 36: Proxectos aprobados en H2020 nos que participan entidades da Eurorrexión con participación conxunta, por país coordinador

País Coordinador	Nº Proxectos	Nº Participacións Eurorrexión
España	10	25
Portugal	8	27

Bélxica	2	6
Francia	2	5
Irlanda	2	4
Países Baixos	2	9
Alemaña	1	2
Italia	1	4
Noruega	1	2
Reino Unido	1	2

4. ANÁLISE DA PARTICIPACIÓN DA EURORREXIÓN POR ÁREAS ESTRATÉXICAS RIS3T

4.1. ANÁLISE TERRITORIAL


4.1.1. EURORREXIÓN (GAIN)

4.1.1.2. Proxectos (análise dos proxectos aprobados nos que participan entidades localizadas na Eurorrexión e que foron clasificados nas áreas estratéxicas RIS3T)

A análise territorial da participación da Eurorrexión en Horizonte 2020 permite observar que unha parte moi significativa dos proxectos nos que participan entidades de Galicia e da Rexión Norte están clasificados dentro das áreas estratéxicas da RIS3T, isto é: 1) Aproveitamento da enerxía da biomasa e do mar; 2) Competitividade das industrias agroalimentaria e biotecnolóxica; 3) Industria 4.0; 4) Fomento da competitividade das industrias de mobilidade; 5) Modernización das industrias turísticas e creativas, mediante as TIC; e 6) Solucións avanzadas para a vida saudable e o envellecemento activo.

Do conxunto dos 816 proxectos de Horizonte 2020 analizados no informe nos que participan entidades da Eurorrexión, 678, isto é, o 83,09% de entre eles, están encadrados dentro das áreas estratéxicas RIS3T; mentres que 138, o equivalente ao 16,91% dos proxectos, foron considerados como non encadrados dentro de ditas áreas.


Gráfico 25: Nº de proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadrados nas áreas estratéxicas RIS3T



Tendo en conta a clasificación dos proxectos segundo o seu tipo de acción, a maioría dos proxectos de H2020 nos que participan entidades da Eurorrexión e clasificados nas áreas estratéxicas da RIS3T corresponden a actividades de investigación e innovación, 230 proxectos, e a accións de innovación (IA), 160 proxectos. Os proxectos vinculados coas accións Marie Curie e


coas accións de coordinación e apoio son tamén moi numerosos, sumando 107 e 101 proxectos, respectivamente.

Gráfico 26: Nº de proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadrados nas áreas estratéxicas RIS3T, por Tipo de Acción



A distribución dos proxectos de H2020 nos que participan entidades da Eurorrexión e comprendidos dentro das áreas estratéxicas da RIS3T, entre cada unha das súas diferentes áreas, deixa ver o peso da área relacionada coa Industria 4.0, que con 332 proxectos acumula o 48,97% do total de proxectos encadrados na RIS3T. As áreas de Agroalimentación e biotecnoloxía, con 130 proxectos e un 19,17%, e de Saúde e envellecemento activo, con 105 proxectos e un 15,49%, serían as seguintes nesta clasificación, en canto ao seu peso relativo sobre o conxunto das áreas representadas na RIS3T.

Gráfico 27: Nº de proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión por área estratéxica RIS3T



O investimento total dos proxectos de H2020 nos que participan entidades da Eurorrexión e clasificados dentro das áreas da RIS3T sitúase en 4.722.470.248,93 €, un 86,3% do total de investimento que reciben os proxectos nos que participan entidades da Eurorrexión, cifras semellantes ás que se corresponden co financiamento da UE que perciben ditos proxectos (3.802.704.802,07 €, un 85,4% do financiamento percibido polo total de proxectos nos que participan entidades da Eurorrexión).

Táboa 37: Investimento Total e financiamento nos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión, encadramento na RIS3T

	Investimento		Financiamento UE	
	€	%	€	%
Encadrados RIS3T	4.722.470.248,93 €	86,3%	3.802.704.802,07 €	85,4%
Non encadrados RIS3T	749.134.527,18 €	13,7%	652.948.244,33 €	14,6%

4.1.1.2. Financiamento institucional (análise do financiamento atribuído ás entidades localizadas na Eurorrexión en proxectos que foron clasificados nas áreas estratéxicas RIS3T)


O financiamento total das entidades da Eurorrexión en proxectos de H2020 que se encadran dentro das áreas estratéxicas da RIS3T é de 274.077.155,22 €, equivalente ao 80,57% do financiamento total que perciben as entidades de Galicia e Norte nos proxectos do programa nos que participan. A contribución da UE que perciben as entidades da Eurorrexión a través dos proxectos de H2020 que se encadran nas áreas da RIS3T corresponde ao 7,2% do financiamento atribuído aos respectivos proxectos, mentres que o financiamento medio que captado pola Eurorrexión nestes proxectos é 404.243,59 €.

Táboa 38: Financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión nos proxectos aprobados en H2020 encadrados na RIS3T

Financiamento GNP	% Financiamento EU	Financiamento medio
274.077.155,22 €	7,2%	404.243,59 €


A distribución do financiamento dos proxectos de H2020 participados por entidades da Eurorrexión e encadrados nas áreas da RIS3T, por tipo de acción, permite observar que os proxectos centrados en actividades de investigación e innovación obteñen a maior cota de financiamento, con 95,6 millóns de euros, seguidos polos proxectos clasificados en tanto que accións de innovación, que captan 76,4 millóns de euros. Os proxectos vinculados coas accións de coordinación e apoio suman 36,7 millóns de euros, mentres que as accións Marie Curie e o os proxectos ligados ao ERC aglutinan conxuntamente uns 47 millóns de euros.

Gráfico 28: Financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión nos proxectos aprobados en H2020 encadrados na RIS3T, por Tipo de Acción



A relación do financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión nos proxectos de H2020 por área estratéxica da RIS3T é semellante na súa proporción ao reparto dos proxectos entre as repectivas áreas, se cadra un pouco máis equilibrada. Os proxectos vinculados á Industria 4.0 mobilizan por volta dos 123 millóns de euros, e aparecen seguidos neste caso polos proxectos relacionados coa área de Saúde e envellecemento activo, que alcanzan 52,8 millóns de euros, cifra semellante aos 50,9 millóns de euros que logran os proxectos encadrados dentro da área de Agroalimentación e biotecnoloxía. Os proxectos relacionados coas áreas de Enerxía e de Mobilidade sitúanse en ambos casos por riba dos 20 millóns de euros, mentres que os proxectos vinculados á área do turismo e industrias culturais e creativas cífranse en 2,7 millóns de euros.

Gráfico 29: Financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión nos proxectos aprobados en H2020 por área estratéxica RIS3T



4.1.1.3. Participación institucional (análise da dinámica de participación de entidades localizadas na Eurorrexión participantes en proxectos que foron clasificados nas áreas estratéxicas RIS3T)


O número de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos de H2020 encadrados nas áreas da RIS3T corresponde cun total de 276 entidades, que cun total de 860 participacións concentran unha media de 3,1 participacións por entidade.

Táboa 39: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 encadrados na RIS3T

Nº entidades	Nº medio de participacións por entidade
276	3,1


A distribución das entidades da Eurorrexión participantes en proxectos de H2020 encadrados na RIS3T por tipo de entidade, permite observar que as entidades privadas, un total de 184, constitúen o grupo máis numeroso; seguido de lonxe polas 32 institucións de investigación de Galicia e Norte e polas 31 entidades que se clasifican dentro da categoría “Outros”. Finalmente, 19 entidades públicas e 10 institucións de ensino superior completan a participación de entidades da Eurorrexión en H2020, dentro dos proxectos encadrados na RIS3T.

Gráfico 30: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020, encadrados nas áreas estratéxicas RIS3T, por tipoloxía de entidade



Considerando os proxectos de H2020 encadrados nas áreas estratéxicas da RIS3T, a representación das entidades da Eurorrexión participantes nos mesmos é consistente co número de proxectos nos que participan, concentrándose o maior número delas nos proxectos relacionados coa Industria 4.0 (144 entidades), Agroalimentación e Biotecnoloxía (93) e Saúde e Envellecemento Activo (53).

Gráfico 31: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020, por área estratéxica RIS3T




A participación das entidades da Eurorrexión en proxectos de H2020 encadrados na RIS3T é liderada polas entidades privadas, que con 308 participacións sobre un total de 860 teñen, sen embargo, o menor número medio de participacións por tipo de entidade, 1,7. No extremo oposto, as institucións de ensino superior acumulan 210 participacións, unha media de 21 por entidade, o que supón a maior concentración da participación das entidades da Eurorrexión no programa, seguida da correspondente ás institucións de investigación, que acumulan un total de 241 participacións, equivalente a unha media de 7,5 participacións por entidade. Rexístranse aínda 6 participacións adicionais da Eurorrexión asociadas a proxectos de H2020 que non constan na clasificación do programa por tipo de entidade, polo que o número real de participacións alcanza as 866 no seu total. A participación media do conxunto das entidades da Eurorrexión nos proxectos de H2020 encadrados na RIS3T corresponde a 3,1 participacións por cada entidade.

Táboa 40: Nº de participacións de entidades da Eurorrexión en proxectos aprobados en H2020 encadrados na RIS3T, por tipoloxía de entidade

Tipo de Entidade	Nº Participacións totais	Nº medio de participacións por entidade
Institucións de Ensino Superior	210	21
Institucións de Investigación	241	7,5
Entidades Públicas	45	2,4
Entidades Privadas	308	1,7
Outros	56	1,8
TOTAL	860	3,1

O financiamento total das entidades da Eurorrexión en proxectos de H2020 con participación conxunta e encadrados nas áreas estratéxicas da RIS3T é de 23.449.224,80 €, equivalente ao 97,68% do financiamento total que obteñen as entidades de Galicia e da Rexión Norte nos proxectos do programa nos que participan conxuntamente. A contribución da UE que perciben as entidades da Eurorrexión a través dos proxectos de H2020 que se encadran nas áreas da RIS3T e nos que participan en conxunto corresponde ao 13,9% do financiamento atribuído aos respectivos proxectos, mentres que o financiamento medio que capta a Eurorrexión nestes proxectos é de 808.593,96 €.

Táboa 64: Financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión nos proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta encadrados na RIS3T

Financiamento GNP	% Financiamento EU	Financiamento medio
23.449.224,80 €	13,9%	808.593,96 €


A distribución do financiamento entre os proxectos de H2020 con participación conxunta de entidades da Eurorrexión encadrados na RIS3T, por tipo de acción, permite observar que os proxectos centrados en actividades de investigación e innovación obteñen a maior cota de financiamento, con 13,2 millóns de euros, seguidos polos proxectos clasificados en tanto que accións de innovación, que captan 8,3 millóns de euros. Os proxectos vinculados coas accións Marie Curie aglutinan 1 millón de euros, cifra semellante á das accións de coordinación e apoio, con 0,9 millóns de euros.

Gráfico 52: Financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión nos proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta encadrados na RIS3T, por Tipo de Acción



A relación do financiamento atribuído ás entidades da Eurorrexión nos proxectos de H2020 con participación conxunta, por área estratéxica da RIS3T, mostra que os proxectos vinculados á “Industria 4.0” mobilizan 7,3 millóns de euros, seguidos inmediatamente dos proxectos relacionados coa “Agroalimentación e biotecnoloxía”, con 7,1 millóns de euros. Os proxectos encadrados dentro da área de “Movilidade” e “Saúde e envellecemento activo” suman 4,2 e 4 millóns de euros, respectivamente.

Gráfico 53: Financiamento ás entidades da Eurorrexión nos proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta, por área estratéxica RIS3T



4.1.4.3. Participación institucional (análise da dinámica de participación de entidades localizadas na Eurorrexión que participan de forma conxunta en proxectos clasificados nas áreas estratéxicas RIS3T)


O número de entidades da Eurorrexión representadas en proxectos de H2020 con participación conxunta e encadrados nas áreas da RIS3T corresponde cun total de 57 entidades, que cun total de 83 participacións concentran unha media de 1,5 participacións por entidade.

Táboa 65: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta, encadrados na RIS3T

Nº entidades	Nº medio de participacións por entidade
57	1,5


A distribución das entidades da Eurorrexión participantes en proxectos de H2020 encadrados na RIS3T con participación conxunta, por tipo de entidade, permite observar que as 27 entidades privadas contabilizadas constitúen o grupo máis numeroso. As institucións de investigación eurorrexionais constitúen o segundo tipo de entidades máis numeroso nesta clasificación, con 15 entidades, ao que seguen as 7 entidades clasificadas como “Outros” e as 5 institucións de ensino superior que participan en proxectos de H2020 encadrados na RIS3T con participación conxunta. Pechan a clasificación 3 entidades públicas participantes nos proxectos de H2020 coparticipados e encadrados na RIS3T.

Gráfico 54: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta, e encadrados nas áreas estratéxicas RIS3T, por tipoloxía de entidade



Considerando os proxectos de H2020 encadrados nas áreas estratéxicas da RIS3T e que contan con participación conxunta, o maior número de entidades da Eurorrexión participantes nos mesmos concentráse nos proxectos relacionados coa Agoalimentación e Biotecnoloxía (31 entidades), e Industria 4.0 (18), seguidas polas áreas de Mobilidade, e Saúde e Envellecemento Activo, que concentran 10 e 7 participacións, respectivamente.

Gráfico 55: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta, por área estratéxica RIS3T




A participación das entidades da Eurorrexión en proxectos de H2020 con participación conxunta e encadrados na RIS3T é liderada polas institucións de investigación, que contan con 31 participacións sobre un total de 83. As entidades privadas, pola súa parte, rexistran 28 participacións. O maior número medio de participacións rexístranno as institucións de ensino superior, que acumulan 13 participacións e unha media de 2,6 cada unha. A participación media das entidades da Eurorrexión nos proxectos de H2020 con participación conxunta e encadrados na RIS3T é de 1,5 participacións por cada entidade.

Táboa 66: Nº de participacións de entidades da Eurorrexión en proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta e encadrados na RIS3T, por tipología de entidade

Tipo de Entidade	Nº Participacións totais	Nº medio de participacións por entidade
Institucións de Ensino Superior	13	2,6
Institucións de Investigación	31	2,1
Entidades Públicas	4	1,3
Entidades Privadas	28	1
Outros	7	1
TOTAL	83	1,5

Atendendo á distribución das participacións das entidades da Eurorrexión nos proxectos de H2020 con participación conxunta e encadrados na RIS3T entre as súas respectivas áreas estratéxicas, 37 participacións concéntranse nos proxectos relacionados coa Agroalimentación e biotecnoloxía, 23 en Industria 4.0, e 11 corresponden coa área da Mobilidade, seguida pola Saúde e envellecemento activo, con 10 participacións. Por último, a área estratéxica relacionada coa Enerxía rexistra 2 participacións.

Gráfico 56: Nº de participacions de entidades da Eurorrexión en proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta, por área estratéxica RIS3T



O ranking das entidades da Eurorrexión cunha maior participación nos proxectos de H2020 con participación conxunta e encadrados na RIS3T aparece liderado por AIMEN, con 6 proxectos, seguido da Universidade de Santiago de Compostela, con 4. No terceiro lugar, catro entidades rexistran 3 participacions cada unha; trátase do CIIMAR, o CTAG, o Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía e a Universidade do Minho.

Táboa 67: Ranking das entidades da Eurorrexión con maior participación proxectos aprobados en H2020 encadrados na RIS3T, por tipoloxía de entidade

Ranking	Entidade	Tipo de Entidade	Nº Participacións
1	ASOCIACION DE INVESTIGACION METALURGICA DEL NOROESTE	Institucións de ensino superior	6
2	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Institucións de ensino superior	4
3	CIIMAR - Centro Interdisciplinar de Investigación Marinha e Ambiental	Institucións de ensino superior	3
=	FUNDACION PARA LA PROMOCION DE LA INNOVACION, INVESTIGACION Y DESARROLLO TECNOLÓGICO EN LA INDUSTRIA DE AUTOMOCION DE GALICIA	Institucións de investigación	3
=	LABORATORIO IBERICO INTERNACIONAL DE NANOTECNOLOGIA	Entidades Privadas	3
=	UNIVERSIDADE DO MINHO	Institucións de ensino superior	3
4	UNIVERSIDADE DE VIGO	Institucións de investigación	2

=	ASOCIACION NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PESCADOS Y MARISCOS-CENTRO TECNICO NACIONAL DE CONSERVACION DE PRODUCTOS DE LA PESCA	Institucións de investigación	2
=	AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA	Institucións de investigación	2
=	FUNDACION CENTRO TECNOLÓXICO DE TELECOMUNICACIONES DE GALICIA	Institucións de investigación	2
=	INEGI - INSTITUTO DE CIENCIA E INOVACAO EM ENGENHARIA MECANICA E ENGENHARIA INDUSTRIAL	Institucións de ensino superior	2
=	INESC TEC - INSTITUTO DE ENGENHARIA DE SISTEMAS E COMPUTADORES, TECNOLOGIA E CIENCIA	Entidades Privadas	2
=	SERVIZO GALEGO DE SAUDE	Institucións de investigación	2
=	SONAE MC - SERVICOS PARTILHADOS, SA	Institucións de ensino superior	2
=	UNIVERSIDADE DO PORTO	Institucións de investigación	2

Considerando a participación das entidades da Eurorrexión nos proxectos de H2020 con participación conxunta e encadrados na RIS3T dentro das súas áreas estratéxicas, a participación nos proxectos relacionados coa área da Enerxía está concentrada en AIMEN e o Laboratorio Nacional de Enerxía e Geología I.P, que contan cunha participación cada un. AIMEN lidera as participacións na área de Industria 4.0, con 3 participacións. O CIIMAR ocupa o primeiro posto no ranking da participación das entidades da Eurorrexión dentro da área de Agroalimentación e Biotecnoloxía, con 3 participacións, mentres que o CTAG lidera a área da Mobilidade con 2 participacións. A área de Saúde e envellecemento activo rexistra 2 participacións de tres entidades, o Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía, a Universidade de Santiago de Compostela e o Servizo Galego de Saúde.

Táboa 68: Ranking das entidades de Galicia con maior participación proxectos aprobados en H2020, por área estratéxica RIS3T

Ranking	Entidade	Tipo de Entidade	Nº Participacións
1-APROVEITAMENTO DA ENERXÍA PROVENIENTE DA BIOMASA E DO MAR			
1	ASOCIACION DE INVESTIGACION METALURXICA DO NOROESTE	Institucións de Investigación	1
=	Laboratorio Nacional de Enerxía e Geología I.P.	Institucións de Investigación	1
2-POTENCIAR A COMPETITIVIDADE DAS INDUSTRIAS AGROALIMENTARIA E BIOTECNOLÓXICA			
1	CIIMAR - Centro Interdisciplinar de Investigación Marinha e Ambiental	Institucións de Ensino Superior	3
2	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Institucións de ensino superior	2
=	ASOCIACION NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PESCADOS Y	Institucións de Investigación	2

Ranking	Entidade	Tipo de Entidade	Nº Participacións
	MARISCOS-CENTRO TECNICO NACIONAL DE CONSERVACION DE PRODUCTOS DE LA PESCA		
=	UNIVERSIDADE DO MINHO	Institucións de Ensino Superior	2
=	AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA	Institucións de Investigación	2
3-REFORZO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR INDUSTRIAL (INDUSTRIA 4.0)			
1	ASOCIACION DE INVESTIGACION METALURXICA DEL NOROESTE	Institucións de Investigación	3
2	INEGI - INSTITUTO DE CIENCIA E INOVACAO EM ENGENHARIA MECANICA E ENGENHARIA INDUSTRIAL	Institucións de ensino superior	2
=	INESC TEC - INSTITUTO DE ENGENHARIA DE SISTEMAS E COMPUTADORES, TECNOLOGIA E CIENCIA	Institucións de Investigación	2
4-FOMENTO DA COMPETITIVIDADE DAS INDUSTRIAS DE MOBILIDADE			
1	FUNDACION PARA A PROMOCION DA INNOVACION, INVESTIGACION E DESENVOLVEMENTO TECNOLOXICO NA INDUSTRIA DE AUTOMOCION DE GALICIA	Institucións de Investigación	2
2	UNIVERSIDADE DO MINHO	Institucións de Ensino Superior	1
=	SIMOLDES PLASTICOS SA	Entidades Privadas	1
=	INOVA+ - INNOVATION SERVICES, SA	Outros	1
=	NOS TECHNOLOGY - CONCEPCAO, CONSTRUCAO E GESTAO DE REDES DE COMUNICACOES, S.A.	Entidades Públicas	1
=	ASOCIACION DE INVESTIGACION METALURXICA DO NOROESTE	Institucións de Investigación	1
=	INGENIERIA INSITU SL	Entidades Privadas	1
=	UNIVERSIDADE DE VIGO	Institucións de Ensino Superior	1
=	Associação CCG/ZGDV - Centro de Computação Gráfica	Institucións de Investigación	1
=	CONCELLO DE VIGO	Entidades Públicas	1
6-SOLUCIÓN AVANZADAS PARA UNHA VIDA SAUDABLE E UN ENVELLECIMENTO ACTIVO			
1	LABORATORIO IBERICO INTERNACIONAL DE NANOTECNOLOGIA	Institucións de Investigación	2
=	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Institucións de Ensino Superior	2
=	SERVIZO GALEGO DE SAUDE	Entidades Públicas	2

4.1.4.4. Colaboración internacional (análise da dinámica de participación de entidades doutras rexións en proxectos nos que participan de forma conxunta entidades localizadas na Eurorrexión, clasificados nas áreas estratéxicas RIS3T)

Os 29 proxectos de Horizonte 2020 nos que participan de maneira conxunta entidades da Eurorrexión e que se encadran dentro das áreas estratéxicas da RIS3T contan cun total de 613 participacións, representando unha media de 21,1 participantes por proxecto.

Táboa 68: Nº de participantes nos proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta nos que participan entidades da Eurorrexión e encadrados na RIS3T

Nº total de participantes nos proxectos con participación conxunta de entidades da Eurorrexión	613
Nº medio de participantes nos proxectos con participación conxunta de nos que participan entidades de Galicia	21,1

Atendendo á distribución da participación nos proxectos de H2020 con representación conxunta de entidades da Eurorrexión que foron encadrados na RIS3T, dentro das respectivas áreas estratéxicas nas que se clasifican, o maior número de participantes concéntrase nos proxectos relacionados coa área “Agroalimentación e biotecnoloxía”, un total de 337. A área “Industria 4.0” aparece en segundo lugar, con 115 participantes nos proxectos que se encadran na mesma, seguida dos 95 proxectos relacionados coa “Mobilidade” e os 72 relacionados coa área “Saúde e envellecemento activo”.

Táboa 69: Nº de participantes nos proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta nos que participan entidades da Eurorrexión, por área estratéxica RIS3T

Área RIS3T	Nº total de participantes	Nº medio de participantes
Enerxía Biomasa e Mar	14	15,9
Agroalimentario e Biotecnoloxía	337	15,5
Industria 4.0	115	14,1
Mobilidade	95	20,5
Saúde e Envellecemento Activo	72	13,4

A clasificación dos proxectos de H2020 con participación conxunta de entidades da Eurorrexión e encadrados na RIS3T, atendendo ao país coordinador destes proxectos, mostra que 18 dos 29 proxectos están coordinados por Portugal ou por España, concentrando estes proxectos 52 das 83 participacións de entidades da Eurorrexión. Despois deles, os países coordinadores máis representativos son, Bélxica Francia e Irlanda, que suman conxuntamente a coordinación de 6 proxectos e 15 participacións de entidades da Eurorrexión.

Táboa 70: Proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta nos que participan entidades da Eurorrexión e encadrados na RIS3T, por país coordinador

País Coordinador	Nº Proxectos	Nº Participacións Eurorrexión
España	10	25
Portugal	8	27

Bélxica	2	6
Francia	2	5
Irlanda	2	4
Países Baixos	1	6
Alemaña	1	2
Italia	1	4
Noruega	1	2
Reino Unido	1	2

4.2. ANÁLISE POR ÁREAS ESTRATÉGICAS RIS3T

4.2.1. ENERXÍA PROCEDENTE DA BIOMASA E DO MAR

4.2.1.1. Proxectos


No ámbito do Horizonte 2020 foron aprobados 40 proxectos coa participación de entidades da Eurorrexión Galiza – Norte de Portugal enmarcados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar” da RIS3T, representando cerca de 4,9% do total de proxectos do Horizonte 2020 coa participación de entidades da Eurorrexión.

Táboa 69: Nº de proxectos aprobados no H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”

Nº de Proxectos da área RIS3T	% Proxectos Eurorrexión	% Proxectos encadrados RIS3T
40	4,9%	5,9%

Entre os proxectos alinhados coa área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar” da RIS3T, 67% contan só coa participación de entidades da Rexión Norte, mentres que 30% contan con só coa participación de entidades da Galiza, rexistrándose aínda un proxecto que envolve a colaboración de entidades das dúas rexións.

Gráfico 57: Distribución dos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, por rexións



A maioría dos proxectos alinhados coa área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar” da RIS3T son Actividades de Investigación e Innovación (40%) ou Accións de Innovación (32,5%). Obsérvase aínda que a maioría destes proxectos responde aos “Desafíos Sociais” do Horizonte 2020 enmarcados nas áreas da Enerxía, Acción Climática e Bioeconomía.

Gráfico 58: Nº de proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, por Tipo de Acción de H2020





Gráfico 59: Nº de proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, por Tema do H2020



4.2.1.2. Financiamento institucional


O conxunto dos 40 proxectos Horizonte 2020 enmarcados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar” da RIS3T representa un financiamento de 21,8 millóns de euros a entidades da Eurorrexión, correspondendo a 6,4% dos fondos do Horizonte 2020 atribuídos na Eurorrexión e unha media de 545,7 mil euros por proxecto.

Táboa 72: Financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”

Financiamento atribuído a proxectos da área RIS3T	% Financiamento atribuído na Eurorrexión	Financiamento medio por proxecto
21.826.959,83 €	6,4 %	545.674,00 €


As entidades da rexión Norte captaron 67% do financiamento para proxectos de “Enerxía procedente da biomasa e do mar” ascendendo a 14,6 millóns de euros, mentres que as entidades de Galicia captaron 7,2 millóns de euros (33%).

Gráfico 60: Distribución do financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, por rexión




Xa no único proxecto onde participan conxuntamente entidades das dúas rexións, foi atribuído un importe similar de financiamento a cada rexión, ascendendo a cerca de 463,5 mil euros.

Gráfico 61: Distribución do financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, por rexión




Aínda que 40% dos proxectos apoiados sexan Actividades de Investimento e Innovación, estas totalizar só 35,2% do financiamento atribuído a proxectos enmarcados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”. As Accións de Innovación totalizar un investimento de case 10 millóns de euros, representando 45,6% do financiamento atribuído a proxectos enmarcados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”.

Gráfico 62: Financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadrados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, por Tipo de Acción H2020



Considerando os Temas do programa Horizonte 2020, a maioría do financiamento atribuído a entidades da Eurorrexión para proxectos enquadados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar” está concentrada en proxectos dos “Desafíos Sociais” da Energia e Acción Climática.

Gráfico 63: Financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, por Tema de H2020



4.2.1.3. Participación institucional

Os proxectos Horizonte 2020 enmarcados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar” da RIS3T contan coa participación de 30 entidades da Eurorrexión, sendo que cada entidade participa, de media, en case dous proxectos.

Táboa 70: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Energía procedente da biomasa e do mar”

Nº de entidades	Nº medio de participacións por entidade
30	1,9

Entre as entidades que participaron en proxectos de Horizonte 2020 enmarcados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, 14 están acollidas na Rexión Norte e 16 están acollidas en Galicia.

Táboa 71: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, distribución por rexións

Rexión	Nº de entidades no total dos proxectos	Nº de entidades nos proxectos conxuntos
Galicia	16	1
Norte de Portugal	14	1

Estas inclúen 12 Entidades Privadas, sobre todo empresas (6 de cada lado da fronteira), destacándose aínda a participación de cinco Institucións de Ensino Superior (2 da Rexión Norte e 3 da Galicia) e seis Institucións de investigación (5 na Rexión Norte e 1 en Galicia).

Táboa 72: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, por tipoloxía de entidade e rexión

Tipoloxía de Entidade	Norte	Galicia	Total
Institucións de Ensino Superior	2	3	5
Institucións de Investigación	5	1	6
Entidades Públicas	0	2	2
Entidades Privadas	6	6	12
Outros	1	4	5

O conxunto das entidades da Eurorregião rexistran un total de 56 participacións en proxectos do Horizonte 2020 enmarcados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, sendo as entidades da Rexión Norte que, en media, participan en máis proxectos.

Táboa 73: Nº de participacións de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, por rexión

Rexión	Nº de participacións	Nº medio de participacións por entidade	Nº de participacións en proxectos conxuntos
Galicia	22	1,4	1
Norte de Portugal	34	2,4	1
TOTAL	56	1,9	2

As entidades que máis participaron en proxectos da “Enerxía procedente da biomasa e do mar” na Eurorrexión son Institucións de Investigación, que totalizar 34% do número total de participacións, seguíndose as Institucións de Ensino Superior e as Entidades Privadas, cada grupo responsable por 27% do número total de participacións.

Táboa 74: Nº de participacións de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, por tipoloxía de entidade

Tipoloxía de Entidade	Nº participacións	Nº medio de participacións por entidade
Institucións de Ensino Superior	15	3,0
Institucións de Investigación	19	3,2
Entidades Públicas	2	1,0
Entidades Privadas	15	1,3
Outros	5	1,0

As entidades da Eurorrexión captaron de media 389,8 mil euros de financiamento do Horizonte 2020 por participación en proxectos da “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, sendo o financiamento medio por participación das entidades da Rexión Norte superior ao observado na Galiza.

Táboa 75: Financiamento media atribuído ás entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”

Rexión	Financiamento medio por participación
Galicia	329.290,63 €
Norte	428.899,00 €
EURORREXIÓN	389.767,14 €

As entidades que máis se destacan na execución de proxectos do Horizonte 2020 enmarcados na área estratéxica da “Enerxía procedente da biomasa e do mar” son o INESC TEC e a Universidade do Porto, con 7 participacións cada, ambas localizadas na Rexión Norte de Portugal.

Táboa 76: Ranking das entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”

Ranking	Entidade	Tipo de Entidade	Localización	Nº Participacións
1	INESC TEC - INSTITUTO DE ENGENHARIA DE SISTEMAS E COMPUTADORES, TECNOLOGIA E CIENCIA	Institucións de Investigación	A.M. Porto	7
2	UNIVERSIDADE DO PORTO	Institucións de Ensino Superior	A.M. Porto	7
3	Laboratório Nacional de Energia e Geologia I.P.	Institucións de	A.M. Porto	4

		Investigación		
4	ASOCIACION DE INVESTIGACION METALURGICA DEL NOROESTE	Institucións de Investigación	Pontevedra	3
=	CIIMAR - Centro Interdisciplinar de Investigación Marinha e Ambiental	Institucións de Investigación	A.M. Porto	3
=	SOCIEDADE PORTUGUESA DE INOVACAO CONSULTADORA EMPRESARIAL E FOMENTO DA INOVACAO SA	Entidades Privadas	A.M. Porto	3
=	UNIVERSIDADE DA CORUÑA	Institucións de Ensino Superior	A Coruña	3

4.2.1.3. Colaboración internacional

No conxunto dos proxectos Horizonte 2020 enmarcados na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar” da RIS3T envolveron un total de 636 participantes, representando unha media de case 16 participantes por proxecto.

Táboa 77: Nº de participantes nos proxectos aprobados en H2020 nos que participan entidades da Eurorrexión con encadramento na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”

Nº total de participantes	Nº medio de participantes
636	15,9

A maioría dos proxectos onde participan entidades da Eurorrexión son coordinados por entidades portuguesas (30%) ou españolas (17,5%), destacándose os proxectos liderados por entidades da Noruega (10%), Francia e do Reino Unido (7,5% cada).

Táboa 78: Nº de proxectos aprobados en H2020 nos que participan entidades da Eurorrexión con encadramento na área estratéxica “Enerxía procedente da biomasa e do mar”, por país coordinador

País Coordinador	Nº proxectos	Nº Participacións Eurorrexión
Portugal	12	14
España	7	16
Noruega	4	4
Francia	3	5
Reino Unido	3	5
Alemaña	2	2
Italia	2	3
Outros	7	7

4.2.2. INDUSTRIAS AGROALIMENTARIA E BIOTECNOLÓXICA

4.2.2.1. Proxectos

No ámbito do Horizonte 2020 foron aprobados 130 proxectos coa participación de entidades da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal enmarcados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica” da RIS3T, representando cerca de 15,9% do total de proxectos


do Horizonte 2020 coa participación de entidades da Eurorrexión e 19,2% dos proxectos enmarcados na RIS3T.

Táboa 79: Nº de proxectos aprobados no H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica "Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica"

Nº de Proxectos da área RIS3T	% Proxectos Eurorrexión	% Proxectos encadrados RIS3T
130	15,9%	19,2%


A maioría dos proxectos de "Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica" conta só coa participación de entidades da Galicia (64%), mentres que 27% destes proxectos conta coa participación de entidades da Rexión Norte. Rexístranse aínda 12 proxectos de "Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica" coa participación conxunta de entidades do Norte e de Galicia.

Gráfico 64: Distribución dos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica "Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica", por rexións




A maioría dos proxectos do Horizonte 2020 nesta área comprenden Actividades de Investigación e Innovación (33,8%), sendo que 20% dos proxectos das "Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica" enmárcanse en Accións Marie Skłodowska-Curie (para financiamento de bolsas de investigación internacionais no sector público e privado, formación en investigación, intercambio de persoal). Rexístranse aínda 26 proxectos de Accións de Innovación (20%), 16 Accións de Coordinación e Apoio (12,3%) e 14 proxectos de pemes no ámbito do SME Instrument (10,8%).

Gráfico 65: Nº de proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, por Tipo de Acción do H2020



No que respecta á distribución por Temas do Horizonte 2020, obsérvase que os proxectos enmarcados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica” da RIS3T responden, sobre todo ao Desafío Social “Seguridade alimentar, Agricultura e silvicultura sustentables, Investigación mariña e marítima e nas augas interiores, e Bioeconomía”, sendo que este tema agrega 43 dos 130 proxectos de “Industrias agroalimentares e biotecnolóxicas” apoiados na Eurorrexión.

Gráfico 66: Nº de proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, por Tema do H2020



4.2.2.2. Financiamento institucional

O conxunto dos 130 proxectos enmarcados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica” corresponde a cerca de 50,9 millóns de euros de financiamento do Horizonte 2020, representando un financiamento medio de 391 mil euros por proxecto.

Táboa 80: Financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”

Financiamento atribuído a proxectos da área RIS3T	% Financiamento atribuído na Eurorrexión	Financiamento medio por proxecto
50.870.329,63 €	15,0 %	391.310,23 €

Este financiamento está distribuído de forma practicamente equitativa entre as dúas rexións, ambas responsables por 50% do financiamento Horizonte 2020 atribuído a proxectos das “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica” na Eurorrexión. Xa nos proxectos que envolven a participación conxunta de entidades das dúas rexións, as entidades da Rexión Norte rexistran unha maior proporción de financiamento do Horizonte 2020.

Gráfico 67: Distribución do financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, por rexión






Gráfico 68: Distribución do financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, por rexión




No que respecta á distribución do financiamento por tipo de acción do Horizonte 2020, obsérvase que 30% do financiamento atribuído a proxectos das “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica” destínase a Actividades de Investigación e Innovación, 27,7% a Accións de Coordinación e Soporte, 22% a Accións de Innovación e 10,6% a Accións Marie Skłodowska-Curie.

Gráfico 69: Financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, por Tipo de Acción de H2020



No que se refire á distribución do financiamento por tema do Horizonte 2020, a maioría do financiamento foi destinado a proxectos de “Seguranza alimentaria, Agricultura e silvicultura sustentábeis, Investigación mariña e marítima e nas augas interiores, e Bioeconomía”, destacándose aínda o financiamento de 11,5 millóns de euros atribuído a un proxecto de “Diseminación da excelencia e alargamento da participación no programa-marco” (Widening) na área da Agrobiodiversidade.

Gráfico 70: Financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, por Tema de H2020



4.2.2.3. Participación institucional

Os proxectos Horizonte 2020 enmarcados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica” da RIS3T contan coa participación de 93 entidades da Eurorrexión, sendo que cada entidade participa, en media, en case dous proxectos.

Táboa 81: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”

Nº de entidades	Nº medio de participacións por entidade
93	1,9

A maioría das entidades envolvidas nos proxectos do Horizonte 2020 enmarcados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica” están acollidas en Galicia (52 entidades, representando 56% do total), mentres que 41 entidades están acollidas no Norte de Portugal (44%). Entre estas, cóntanse 15 entidades galegas e 16 entidades da rexión Norte que participan en proxectos conxuntos enmarcados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”.

Táboa 82: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, distribución por rexións

Rexión	Nº de entidades no total dos proxectos	Nº de entidades nos proxectos conxuntos
Galicia	52	15
Norte de Portugal	41	16

No que respecta á tipoloxía das entidades que participan nos proxectos do Horizonte 2020 enmarcados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, a maioría son Entidades Privadas, totalizar 55 entidades das cales 31 en Galicia e 24 na Rexión Norte. Destácase aínda a participación de 8 Institucións de Ensino Superior (5 da Rexión Norte e 3 de Galicia) e 18 Institucións de Investigación (9 en cada rexión).

Táboa 83: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, por tipoloxía de entidade e rexión

Tipoloxía de Entidade	Norte	Galicia	Total
Institucións de Ensino Superior	5	3	8
Institucións de Investigación	9	9	18
Entidades Públicas	0	2	2
Entidades Privadas	24	31	55
Outros	3	7	10

O conxunto destas 93 entidades rexistran un total de 167 participacións en proxectos do Horizonte 2020 enmarcados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, sendo as entidades de Galicia as que, en media, participan en máis proxectos.

Táboa 84: Nº de participacións de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, por rexión

Rexión	Nº de participacións	Nº medio de	Nº de participacións en
--------	----------------------	-------------	-------------------------

		participacións por entidade	proxectos conxuntos
Galicia	120	2,2	18
Norte de Portugal	62	1,5	19
TOTAL	182	1,8	37

No que respecta ao número de participacións por tipoloxía de entidade, rexístranse 68 participacións de Entidades Privadas da Eurorrexión en proxectos Horizonte 2020 de “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica” (41% do total), correspondendo a unha media de 1,2 participacións por entidade. As Institucións de Ensino Superior rexistran 53 participacións en proxectos de “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica” (32% do total), presentando unha media superior a 6 participacións por entidade. Xa as Institucións de Investigación rexistran 36 participacións en proxectos de “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica” (22% do total), e unha media de 2 participacións por entidade.

Táboa 85: Nº de participacións de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, por tipoloxía de entidade

Tipoloxía de Entidade	Nº participacións	Nº medio de participacións por entidade
Institucións de Ensino Superior	53	6,6
Institucións de Investigación	36	2,0
Entidades Públicas	2	1,0
Entidades Privadas	68	1,2
Outros	19	1,9

As entidades da Eurorrexión captaron de media 285,8 mil euros de financiamento do Horizonte 2020 por participación en proxectos de “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, sendo o financiamento medio por participación das entidades da Rexión Norte superior ao observado en Galicia.

Táboa 86: Financiamento media atribuído ás entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”

Rexión	Financiamento medio por participación
Galicia	217.638,21 €
Norte	413.295,11 €
EURORREXIÓN	285.788,37 €

Observando o ranking das entidades da Eurorrexión con maior participación en proxectos aprobados no H2020 con enquadramento na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica”, verifícase que as entidades con maior número de participacións nestes proxectos

localízanse en Galicia, destacándose largamente a Universidade de Santiago de Compostela, que participou en 32 proxectos Horizonte 2020 na área das “Industrias agroalimentaria e biotecnológica”. O CETMAR - Centro Tecnológico del Mar, localizado en Vigo, participou en 7 proxectos, seguíndose a Fundación Empresa Universidad Gallega e a Universidade de Vigo con participacións en 6 proxectos cada.

Táboa 87: Ranking das entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnológica”

Ranking	Entidade	Tipo de Entidade	Localización	Nº Participacións
1	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	Institucións de Investigación	A Coruña	32
2	CENTRO TECNOLÓGICO DEL MAR - FUNDACION CETMAR	Institucións de Investigación	Pontevedra	7
3	FUNDACION EMPRESA UNIVERSIDAD GALLEGA	Outros	A Coruña	6
=	UNIVERSIDADE DE VIGO	Institucións de Ensino Superior	Pontevedra	6
5	ASOCIACION NACIONAL DE FABRICANTES DE CONSERVAS DE PESCADOS Y MARISCOS-CENTRO TECNICO NACIONAL DE CONSERVACION DE PRODUCTOS DE LA PESCA	Institucións de Investigación	Pontevedra	4
=	CIIMAR - Centro Interdisciplinar de Investigación Marinha e Ambiental	Institucións de Investigación	A.M. Porto	4
=	NANOIMMUNOTECH SL	Entidades Privadas	Pontevedra	4
=	UNIVERSIDADE DO MINHO	Institucións de Ensino Superior	Cávado	4

4.2.2.4. Colaboración internacional

O conxunto dos proxectos Horizonte 2020 enmarcados na área estratéxica “Industrias agroalimentaria e biotecnológica” da RIS3T envolven un total de 2.020 participantes, representando unha media de cerca de 15 participantes por proxecto.

Táboa 88: Nº de participantes nos proxectos aprobados en H2020 nos que participan entidades da Eurorrexión con encadramento na área estratéxica a “Industria agroalimentaria e biotecnológica”

Nº total de participantes	Nº medio de participantes
2.020	15,5

A maioría dos proxectos onde participan entidades da Eurorrexión son coordinados por entidades españolas (37%), seguíndose os proxectos coordinados por entidades portuguesas (13%), destacándose aínda proxectos liderados por entidades da Italia (13%) e Noruega (9%).

Táboa 89: Proxectos aprobados en H2020 nos que participan entidades da Eurorrexión con encadramento na área estratéxica "Industrias agroalimentaria e biotecnolóxica", por país coordinador

País Coordinador	Nº proxectos	Nº Participacións Eurorrexión
España	48	66
Portugal	17	31
Italia	12	12
Noruega	7	11
Bélxica	6	8
Francia	6	8
Irlanda	6	7
Reino Unido	6	7
Países Baixos	5	11
Grecia	4	4
Outros	13	18

4.2.3.INDUSTRIA 4.0

4.2.3.1.Proxectos (análise dos proxectos aprobados nos que participan entidades localizadas na Eurorrexión e que foron clasificados na área estratéxica “Industria 4.0”)


No marco de Horizonte 2020 aprobáronse 332 proxectos coa participación de entidades da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal encadrados na área estratéxica “Industria 4.0” da RIS3T, representando o 49% do total de proxectos do programa con participación de entidades da Eurorrexión e 40,7% dos proxectos encadrados na RIS3T.

Táboa 90: Nº de proxectos aprobados no H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industria 4.0”

Nº de Proxectos da área RIS3T	% Proxectos Eurorrexión	% Proxectos encadrados RIS3T
332	49%	40,7%

A maioría dos proxectos de “Industria 4.0” conta só coa participación de entidades da Rexión Norte (78,6%), mentres que 19% destes proxectos conta coa participación de entidades de Galicia. Ademais, 8 proxectos de “Industria 4.0” contan coa participación conxunta de entidades galegas e do Norte.


Gráfico 71: Distribución dos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industria 4.0”, por rexións



A maior parte dos proxectos de Horizonte 2020 nesta área concéntranse en Actividades de Investigación e Innovación (32,8%), e Accións de Innovación (25,6%). As Accións de Coordinación e Apoio, con 65 proxectos e unha cota de participación do 19,6% son as seguintes nesta clasificación, seguidas das Accións Marie Skłodowska-Curie con 38 proxectos e unha cota do


11,5%. Rexístranse, por último, 25 proxectos relacionados co Instrumento Peme, 6 clasificados como “Outros” e 4 correspondentes ás accións do ERC.

Gráfico 72: Nº de proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industria 4.0”, por Tipo de Acción de H2020



En relación coa distribución por Temas de Horizonte 2020, obsérvase que os proxectos encadrados na área estratéxica “Industria 4.0” da RIS3T responden en maior medida a tres temas específicos que concentran máis da terceira parte dos proxectos da área: “TIC”, “Accións Marie Curie” e “Enerxía segura, limpa e eficiente”. Ademais deses temas, os proxectos relacionados co “Instrumento Peme” e “Fabricación Avanzada” concentran un número significativo dos proxectos da área “Industria 4.0” apoiados na Eurorrexión.

Gráfico 73: Nº de proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industria 4.0”, por Tema do H2020



4.2.3.2. Financiamento institucional (análise ao financiamento atribuído ás entidades localizadas na Eurorrexión participantes en proxectos clasificados na área estratéxica “Industria 4.0”)

As entidades da Eurorrexión alcanzan 122.995.491,41 millóns de euros de financiamento nos 332 proxectos encadrados na área estratéxica “Industria 4.0”, equivalente ao 7,2% do financiamento total que mobilizan ditos proxectos e a un financiamento medio de 370.468,35 € por proxecto.

Táboa 91: Financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industria 4.0”

Financiamento atribuído a proxectos da área RIS3T	% Financiamento atribuído na Eurorrexión	Financiamento medio por proxecto
122.995.491,41 €	7,2 %	370.468,35 €

O financiamento atribuído a Galicia e á Rexión Norte nos proxectos da área “Industria 4.0” repártese proporcionalmente á súa participación nos mesmos, de maneira que as entidades de Norte mobilizan perto do 75% do financiamento captado pola Eurorrexión nesta área e as entidades galegas sitúanse no 25%. Considerando os proxectos con participación conxunta de entidades das dúas rexións, a cota de financiamento é bastante equitativa, obtendo unha cota lixeiramente superior as entidades de Norte.

Gráfico 74: Distribución do financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industria 4.0”, por rexión






Gráfico 75: Distribución do financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación conxunta de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industria 4.0”, por rexión




En relación coa distribución do financiamento por tipo de acción do Horizonte 2020, obsérvase que a maior parte de financiamento atribuído a proxectos da “Industria 4.0” destínase a Actividades de Investigación e Innovación (35,15%) e a Accións de Innovación (32,39%), mentres que as Accións de Coordinación e Apoio (11,81%) obteñen tamén unha parte importante do financiamento nesta área.

Gráfico 76: Financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industria 4.0”, por Tipo de Acción de H2020



En canto á distribución do financiamento por tema do Horizonte 2020, a maioría aparece consignado a cinco de entre eles que acumulan entre os 9,1 e os 22,4 millóns de euros. Trátase dos proxectos vinculados con “TIC”, “Fabricación Avanzada”, “Enerxía segura, limpa e eficiente”, “Marie Curie” e “Instrumento Peme”, que concentran unha proporción moi significativa do financiamento nesta área.

Gráfico 77: Financiamento atribuído aos proxectos aprobados en H2020 con participación de entidades da Eurorrexión e encadramento na área estratéxica “Industria 4.0”, por Tema de H2020



4.2.3.3. Participación institucional (análise da dinámica de participación de entidades localizadas na Eurorrexión en proxectos clasificados na área estratéxica “Industria 4.0”)

Os proxectos de Horizonte 2020 encadrados na área estratéxica “Industria 4.0” da RIS3T contan coa participación de 145 entidades da Eurorrexión e unha media próxima a 3 participacións por entidade.

Táboa 92: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Industria 4.0”

Nº de entidades	Nº medio de participacións por entidade
145	2,8

Unha grande parte das entidades da Eurorrexión que participan nos proxectos de H2020 encadrados na área “Industria 4.0” están radicadas na Rexión Norte (106, que representan o 73% das entidades da Eurorrexión), mentres que 39 entidades, equivalente ao 27%, son galegas. Unha proporción semellante corresponde ás entidades da Eurorrexión participantes en proxectos conxuntos na área “Industria 4.0”, onde participan 12 entidades da Rexión Norte e 7 de Galicia.

Táboa 93: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Industria 4.0”, distribución por rexións

Rexión	Nº de entidades no total dos proxectos	Nº de entidades nos proxectos conxuntos
Galicia	39	7
Norte de Portugal	106	12

En relación coa tipoloxía de entidades que participan nos proxectos de Horizonte 2020 encadrados na área estratéxica “Industria 4.0”, a maioría son entidades privadas, que suman 94 participacións, 70 da Rexión Norte e 24 de Galicia. Ademais, 16 institucións de investigación, 10 entidades públicas e 8 institucións de investigación participan nestes proxectos, que contan tamén con 17 entidades clasificadas como “Outros” na base de datos de H2020.

Táboa 94: Nº de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Industria 4.0”, por tipoloxía de entidade e rexión

Tipoloxía de Entidade	Norte	Galicia	Total
Institucións de Ensino Superior	5	3	8
Institucións de Investigación	12	4	16
Entidades Públicas	6	4	10
Entidades Privadas	70	24	94
Outros	13	4	17

As 145 entidades participantes en proxectos relacionados coa área “Industria 4.0” rexistran un total de 412 participacións neste ámbito, sendo as entidades da Rexión Norte as que participan de media en máis proxectos.

Táboa 95: Nº de participacións de entidades da Eurorrexión participantes en proxectos aprobados en H2020 e encadrados na área estratéxica “Industria 4.0”, por rexión

Rexión	Nº de participacións	Nº medio de participacións por entidade	Nº de participacións en proxectos conxuntos
Galicia	87	2,2	9
Norte de Portugal	325	3,1	14
TOTAL	412	2,8	23

